
Ponse en marcha o Proxecto e-Canned

- Actualizado (13.09.2005)

Catro produtores de conservas galegos, un conserveiro bretón, a Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Peixes e Mariscos (ANFACO), SEMA Group e o CESGA participan no Proxecto e-Canned.

e-Canned é un proxecto de investigación europeo que ten como principal obxectivo medir e cuantificar a través da realización dunha experiencia real as vantaxes competitivas que se prevé achege aos produtores a introdución das novas tecnoloxías da información que fan posible o e-Business no proceso de negocio dos principais axentes do sector.

Os días 11 e 12 de xaneiro tivo lugar unha reunión de traballo de todos os participantes, que supuxo o arranque desta iniciativa que ten unha duración prevista de dous anos. e-CANNED é unha iniciativa da Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento financiada pola UE a través do Programa IST con 900.000 Euros.